

15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).

Os seguintes documentos permítennos realizar unha composición de texto histórico sobre a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930).

Desde 1914 a quenda comeza a desmoronarse. España atópase nunha grave crise económica. A primeira guerra mundial causara unha inflación nos produtos, que empobreceu ás clases máis baixas. Ademais dentro do conflito de Marrocos produciuse o desastre de Annual, unha grave derrota española cun alto número de baixas. Os movemento obreiro, o nacionalismo periférico e o anticlericalismo eran movementos cada vez máis estendido e ameazaban a oligarquía. Por enriba, aínda perduraba o descontento do estrepitoso fracaso español na crise de Cuba.

Primo de Rivera presenta o seu pronunciamento en Barcelona en setembro de 1923 como unha solución provisional, de tan solo uns 3 meses de duración a toda esta situación. Se trata dunha resposta corporativa e autoritaria á profunda crise existente. Autodenominouse o “ciruxán de ferro” que España necesitaba para solucionar os seus problemas utilizando a retórica rexeneracionista de Xoaquín Costa. Por estas razóns a oposición ao comezo é practicamente nula. Pero este fenómeno non foi un caso illado. O contexto histórico internacional é de desprestixio dos rexímenes liberais parlamentarios tras a convulsión política, social e económica creada pola Primeira guerra mundial. Unicamente países cunha forte tradición democrática como Francia e Reino Unido lograron frear os movementos extremistas.

Alfonso XIII en vez de desautorizalo dissolve as cortes e entrega o poder a Primo de Rivera poñendo fin definitivamente ao turnismo. Comenzan así a primeira fase do réxime autoritario de Primo de Rivera, coñecida como Directorio Militar. Esténdese ata o 1925 e durante este período un grupo de nove militares son os encargados do goberno. Os esforzos son concentrados en conseguir crédito político para consolidar a ditadura nun réxime civil. Con esta finalidade, realízanse unha serie de medidas *ad hoc* para atallar os problemas contra os que se subleva. Primeiramente, disólvense as institucións políticas existentes e suspéndese a Constitución do 76. As autoridades turnistas son substituídas por delegados gubernativos, afíns a ditadura. Por outra parte, poténcianse os símbolos nacionalistas españois conservadores e toma medidas contra os movementos nacionalistas periféricos, como a prohibición do uso do vasco e o catalán no ensino. Ademais, crea a chamada Unión Patriótica. Cunha finalidade confusa, oscilou entre un movemento de apoio e propaganda á ditadura, sen un significado político concreto. Finalmente o novo gabinete trata de controlar o movemento obreiro, cunha táctica de concesións e represión. As organizacións que, seguindo unha actitude posibilista, colaboran co réxime, son permitidas, como o PSOE (a facción de Indalecio Prieto, a de Largo Caballero opoñíase) e UXT. Pola contra, aquelas que non colaboran, como o PC e CNT son perseguidas. Neste mesmo ámbito, créanse os Comités Paritarios. Trátanse de estruturas verticais que agrupan aos sindicatos e patronais simultaneamente. Cada grupo contaba coa metade dos membros, sendo esta unha repartición non representativa, pois o número de obreiros era moito maior. Así as patronales tiñan a capacidade de controlar o movemento obreiro.

Trala primeira guerra mundial a economía estadounidense saíu tan reforzada que permitiu que tivese lugar o maior crecemento económico experienciado polo sistema capitalista actual. Este período de bonanza económica denomínase os felices anos 20. Debido a esto, a situación económica en España tamén mellora, e Primo de Rivera atribúese o éxito. Respecto á guerra de Marrocos, Abd el-Krim declara a independencia do Rif e declara a guerra contra a parte francesa de Marrocos. España e Francia organizan unha operación conxunta. Nesta destaca o desembarco de Alhucemas, ata ese momento a maior operación anfibia. Foi unha operación limpa, na que comeza a despuntar o militar Francisco Franco. Abd el-Krim se entrega ás tropas francesas, poñendo fin ao conflito. Grazas a estos dous feitos, en 1925 a popularidade de Primo de Rivera está nun nivel álxido. Aproveita esta situación para converter a ditadura militar nun réxime civil.

15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).

Durante o Directorio Civil (1925-1930) o goberno está liderado por civís da Unión patriótica, partido de Primo de Rivera. Estes realizan un falso intento de eliminar o caciquismo. Debido ao crecemento económico, melloran as condicións dos obreiros e o ministro de facenda, Calvo Sotelo realiza grandes investimentos en obra pública. Pretendía que así o estado estimulase ás empresas privadas e os traballadores, para que estes aumentasen o consumo e logo tributasen, devolvendo o diñeiro ao Estado. Pero debido á oposición da oligarquía burguesa, non pode crear un imposto progresivo para facer os tributos proveitosos polo que o crecemento económico non volve ao Estado.

En 1927 nace a Federación Anarquista Ibérica (FAI). Ademais aumenta a oposición por parte do movemento obreiro e a Federación Universitaria de Estudiantes (FUE). O intelectual Ortega i Gasset tamén comeza a criticar a ditadura. Como o exército é a base que sostén o réxime, Primo de Rivera ascende a todos, tanto africanistas como peninsulares, habendo así un gran número de oficiais. Pero os peninsulares se oponen e Primo de Rivera dissolve a arma de artillería, perdendo o apoio destes e de parte do exército. A esta oposición súmaselle unha crise económica e a enfermidade de Primo de Rivera. Tras descubrir que nin o seu propio gabinete o apoia, dimite ante Alfonso XIII. Alfonso adopta unha política de “aquí non pasou nada” e nomina a Berenguer como líder, encargándolle a misión de instituír de novo o sistema turnista e a Constitución do 76, que non cumpre.

Os sectores prorerpublicanos (PSOE e algúns catalanistas) asinan o Pacto de San Sebastián, no cal proclaman unha revolución contra Alfonso XIII (reminiscencias co Pacto de Ostende). Prodúcese dous pronunciamentos militares, o de 4 vientos por Queipo de Llano e o de Jaca, por Fermín Galán. Moitos monárquicos vólvense repúblicanos porque non lle perdoan a Alfonso a disolución do sistema turnista e moitos militares o fan porque non perdoan a aceptación da dimisión de Primo de Rivera. Ortega i Gasset publica *Delenda est, monarchia* no diario Sol, criticando a figura do monarca, o “erro Berenguer” e propón unha renovación do sistema.

A causa de esto Berenguer é substituído por Aznar. Convécense eleccións, primeiro municipais e máis tarde terían lugar as xerais. As forzas do Pacto de San Sebastián converten as eleccións municipais nunhas eleccións plebiscitarias. Se a súa coalición gaña significaría que os cidadáns queren a república. Nestas eleccións gañan os republicanos por moi poucos votos, pero os monárquicos o asumen como unha terrible derrota, xa que os monárquicos só gañan no rural onde teñen o voto amañado grazas ao caciquismo. Proclámase a segunda República.

En Galicia, en 1929 fundouse en Galicia a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), resposta contra a represión de Primo de Rivera ao nacionalismo periférico.

En conclusión podemos afirmar que a ditadura foi unha solución autoritaria a unha grave crise social e política que non foi capaz de aguantar o desgaste da crecente oposición que clamaba polo fin da mesma e polo esgotamento do seu crédito por éxitos pretéritos.